



www.iglesiaporeltrabajodecente.org
[#Iglesiaporeltrabajodecente](https://twitter.com/IglesiaPorelTrabajoDecente)
info@iglesiaporeltrabajodecente.org

Manifiesto ante o Primeiro de Maio 2021

Agora máis ca nunca: Traballo Decente!

As entidades de inspiración católica que promoven a iniciativa Igrexa polo Traballo Decente (ITD) celebran, por cuarto ano consecutivo, o Día Internacional do Traballo e a solemnidade de San Xosé Obreiro, patrón dos traballadores e as traballadoras ⁽¹⁾, nun ano extraordinariamente marcado polo grave impacto da pandemia no conxunto da sociedade e no mundo do traballo, cuxos efectos foron especialmente acentuados nas persoas máis vulnerables.

Esta crise puxo de relevo a necesidade dun cambio de sistema produtivo, baseado en traballos que acheguen valor, suxeitos a unhas condicións laborais dignas, e onde as persoas estean no centro.

Sabemos que Xesucristo aprendeu de San Xosé “o valor, a dignidade e a alegría do que significa comer o pan que é froito do propio traballo”; e que aquela familia de Nazaret tivo que afrontar, na súa migración por Exipto, “a necesidade para comer, de atopar unha casa, un traballo”. ⁽²⁾

ITD quere subliñar, neste tempo, a importancia do traballo como actividade humana que acrecenta a dignidade de cada persoa e das súas familias. Co traballo coidamos ao conxunto da sociedade e ao planeta. Ademais, co traballo participamos na nosa propia humanización, na sustentabilidade da Creación e na chegada do Reino”. ⁽²⁾

O impacto da pandemia acelerou os procesos que debilitan o dereito ao traballo, e empobrecen, precarizan e descartan a millóns de traballadoras e traballadores, principalmente mulleres e xoves. Iso provoca que o acceso a un posto laboral digno, tras moitos anos dedicados ao estudo e á especialización nun ámbito profesional, sexa hoxe case un luxo que poucas e poucos mozos se poden permitir. Que o traballo estea en risco supón que o pacto social entre en crise e, con iso, a propia democracia.

Destruíronse miles de empregos e moitos dos ERTE resolvéronse, finalmente, en despedimentos. Os empregos considerados esenciais —moitas veces exercidos en condicións precarias, tanto a nivel laboral como de protección sanitaria—, non se viron recoñecidos nunha mellora das súas condicións. E as medidas de protección social deseñadas para paliar os efectos da crise non chegaron ás persoas que máis o necesitan, como tampouco sucedeu co subsidio temporal previsto para as traballadoras do fogar ou o ingreso mínimo vital. Ademais, a pobreza dispárase entre a poboación migrante en situación administrativa irregular, onde o desemprego e a economía informal son maioritarios, sen posibilidade de acceso ao sistema de protección.



www.iglesiaporeltrabajodecente.org
[#Iglesiaporeltrabajodecente](https://twitter.com/Iglesiaporeltrabajodecente)
info@iglesiaporeltrabajodecente.org

Nese sentido, cremos oportuno destacar que é fundamental unha política que promova a fraternidade e permita a amizade social ao servizo do ben común. Por iso é polo que neste Primeiro de Maio “o gran tema é o traballo”, unha dimensión esencial para promover “o ben do pobo” (3) e o acceso a unha vida digna nunha sociedade máis decente. Instamos, agora máis que nunca, a adoptar as medidas necesarias para conseguir que o traballo decente sexa unha realidade accesible para todas as persoas, con condicións que permitan manter unha vida digna e unha protección social que chegue a todas as persoas que o necesitan.

Por iso, neste Primeiro de Maio, ITD reclama:

- Redefinir a idea do traballo como actividade humana e configurar novas políticas —os coidados, a redución da xornada laboral, etc.— que aseguren a cada persoa traballadora “algunha maneira de achegar as súas capacidades e o seu esforzo” á construción do ben común.
- Potenciar o traballo con dereitos, seguro, “libre, creativo, participativo e solidario” (EG 192) en calquera relación laboral e para todas as persoas, sen distinción de idade, sexo ou procedencia.
- Garantir o acceso a medidas de protección social para aquelas persoas que non poidan traballar ou que as súas condicións laborais non lles permitan chegar “a fin de mes”.
- Lograr o recoñecemento social e laboral dos empregos esenciais para a vida, cunhas condicións laborais dignas.
- Promover un diálogo con toda a comunidade política, sociedade e institucións para configurar un novo contrato social baseado na centralidade da persoa, o traballo decente e o coidado do planeta.
- Impulsar a incorporación da mocidade ao mercado laboral nunha sociedade golpeada por unha crise sanitaria, social e económica creando oportunidades reais de acceso ao traballo digno.

Convocamos a todas as comunidades cristiás a unírnos, asegurando as medidas sanitarias, na celebración, a loita e a oración deste 1º de Maio. Convidámosvos a participar en cantas accións poidan facer visible estas reclamacións. E co Papa Francisco, imploremos a San Xosé Obreiro para que atopemos camiños que nos leven a dicir: *Agora máis ca nunca: Ningún xove, ningunha persoa, ningunha familia sen Traballo Decente!*

1: Cfr. Pio XII 1955

2: Cfr. *Patris Corde*

3: *Fratelli Tutti* 162